

**SENDA NA PO-352.
A GUARDA-CAMPOSANCOS**

1. Obxecto da Actuación

O proxecto recolle as actuacións necesarias para a execución dunha senda en dous treitos da estrada PO-352, comprendidos entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 1+910-4+040 e 5+210-5+960, na provincia de Pontevedra, concello da Guarda, parroquia de Camposancos.

Tratarase dun itinerario peonil e ciclista continuo que conecte coas beirarrúas existentes nos treitos intermedios, e que permitirá acceder á poboación que vive na súa traza ao núcleo urbano da Guarda, ao cemiterio e a un importante establecemento industrial existente na zona.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-352 de A Guarda (Deput.) - Camposancos (PO-355), pertence a Rede Local da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

A senda executarase paralelamente á estrada, á mesma cota e mantendo os peraltes da estrada, de maneira que a nova senda non afecte a drenaxe actual da estrada; pola súa marxe dereita, e a nivel da calzada existente. Por outra banda, e coa intención de non condicionar futuras ampliacións da estrada (que actualmente conta con carrís moi estreitos, que dificultan o cruzamento de dous vehículos pesados), separouse a senda da estrada creando unha berma intermedia que permita futuras ampliacións.

Terá un ancho de dous metros, aínda que nalgún punto é preciso reducir esta dimensión pola existencia dalgún obstáculo (edificacións), e se executará en formigón coloreado. Realizaranse 11 muros de contención.

4. Características técnicas

Trazado:

A senda realizarase pola marxe dereita e paralela á estrada PO-352, a mesma cota e mantendo os peraltes, separada da estrada creando una berma intermedia que permita futuras ampliacións.

Sección:

O ancho da senda proxectada é de 2 m, si ben nalgún punto é preciso reducir esta dimensión pola existencia dalgún obstáculo (edificacións).

Firmes e pavimentos:

Senda: pavimento de 14 cm de formigón HF-4,0, formada por unha capa de 8 centímetros de formigón sen colorante e unha capa superior de 6 centímetros de formigón coloreado cor terrizo. Levará mallazo de aceiro electrosoldado nos accesos ás propiedades privadas.

Ampliación da calzada: sobre unha subbase de 35 cm de saburra artificial ZA 0/20, colocarase unha capa intermedia de 10 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC 22 BIN BC 50/70 S, e por encima desta unha capa de rodadura de 5 cm de MBQ tipo AC 16 SURF BC 50/70 S.

Reposición do firme: 5 cm de MBQ tipo AC 16 surf BC 50/70 S.

Todo isto, coas correspondentes regas de imprimación con emulsión C60BF4 IMP e de adherencia C60B3 TER, entre as capas.

Estruturas:

Executaranse 11 muros de contención con bloques de roca irregulares, sen labrar e de gran tamaño, de 2 m de altura máxima, sobre os que se colocara barreiras de contención. Os muros terán unha lonxitude variable entre 20,00 e 160,00 m.

Drenaxe:

Manterase a drenaxe lonxitudinal como na actualidade con gabias pola marxe esquerda e pola marxe dereita verterase directamente ao terreo. En canto a drenaxe transversal, será preciso substituír unha obra de drenaxe existente, para incrementar o seu Ø de 300 mm a 500 mm, e ampliaranse outras dúas obras de drenaxe transversal de diámetro 400 mm. Executaranse 365 m de gabias de seguridade revestidas de formigón de 1,35 m de anchura, con noiros 8/1 e 1/1 e 15 cm de profundidade. En total dispoñeranse 191 m de tubaxes de PVC de diámetro 315 mm. Colocaranse 10 novos sumidoiros.

Obras complementarias:

Colocarase baixo as sendas un prisma de canalización con dous tubos vermellos corrugados de PE de Ø 160mm. Para a rede de telecomunicacións colocaranse catro tubos de PVC de Ø 63mm. Disporase un tubo para iluminación ao longo de toda a senda, de Ø 110mm

5. Poboación servida (INE 2024)

A Guarda 10.041 hab.

6. Concellos Afectados

A Guarda

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 7 no concello de A Guarda

Expropiacións Terreos 1.737,84 €

Bens afectados 14.005,32 €

5 % de afección 787,16 €

Total 16.530,32 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de OITO (8) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	1.290.643,57 €
Orzamento Control de calidade	3.349,58 €
Orzamento Expropiacións	16.530,32 €
Orzamento Servizos afectados	20.241,84 €
Orzamento para Coñecemento da Administración:	1.330.765,31 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES

